

# Alén da desventura incorpora personaxes contemporáneos reais

## Xavier Alcalá gaña o Blanco Amor co seu regreso ao Ferrol mariñeiro do século XVIII

♦ BELÉN REGUEIRA


Xa hai vinte e seis anos que se publicou *Voluntar, seis personaxes e un fado*, o primeiro libro de relatos de Xavier Alcalá. Desde aquela, este escritor e enxeñeiro de telecomunicacións protagonizou unha traxectoria literaria marcada pola súa compoñente autobiográfica e pola "visión crítica da realidade". Alcalá vén de gañar o premio de novela longa *Eduardo Blanco Amor* con *Alén da desventura*, unha obra ambientada no Ferrol do século XVIII. "pero que permite unha lectura contemporánea", na que habitan personaxes reais do noso tempo.

*Alén da desventura*, novela histórica e de aventuras, naceu hai catro anos, cando Xavier Alcalá atopou nunha librería de vello de Buenos Aires un documento que reflectía a presenza e a importancia dos ingleses en Ferrol. Daquela comezou un longo proceso de documentación histórica e lingüística. A novela, ambientada no século XVIII, tenta facer unha reflexión sobre os conceptos de Galicia, de España e de Europa como proxección en América. "É interesante ver cal era a realidade dunha época moi semellante á nosa, na que mandan a técnica e a aplicación do coñecemento científico e na que se poñen en dúbida moitas cousas", di o autor de *A nosa cinza. Fábulas e Cárcere verde*.

Artellan a novela tres planos narrativos que se envolven: a voz un misioneiro apaixonado, un narrador omnisciente frío e distante e o relato do personaxe principal da parte da trama que transcorre en Ferrol, que forma parte dun elenco de personaxes actuais e que foron transplantados por Xavier Alcalá ao século XVIII. Entre eles están, maquilados baixo outra identidade, un ex conselleiro, persoaxes fundamentais no desenvolvemento da cidade e varios intelectuais entre os que se pode recoñecer ao propio autor: "Agardo que todos teñan sentido do humor e que non poñan atranco nengun para que a novela se publique". Tamén hai un xogo de fondo que procura atopar o significado de Galicia para eses homes, "que teñen unha consciencia forte e definida que hoxe chamaríamos nacionalista".

De Ferrol  
ao Rio da Prata

Alcalá volve así a varios dos seus cenários recorrentes, o Ferrol da súa nenez: "como Jorge Amado, eu non escribo máis que da miña infancia", e a América austral que xa visitou en novelas como *Viaxes no país de Elal*, *Contos das Américas* ou *Nos pagos de Humea Lou*. *Alén da desventura* inclúe tamén unha narración de aventuras e de



XURRO 5 LOBATO

sastres navais, descrições dos procesos de construción de buques e de traballos bélicos e cosmográficos. "A tecnoloxía é unha teima miña desde sempre e foi un pracer todo o que descubrin, como a importancia do estaleiro de La Habana naquela altura". A novela fai fincapé na importancia da Mariña e da súa relación con Ferrol, "falei con mariños de guerra amigos meus, xente con moito coñecemento do mundo pola súa profesión que me dicían que América existe porque existe a Mariña". Como di un dos personaxes da novela: "Poder naval é igual a poder mundial", alomenos no século XVIII.

O xuri do *Blanco Amor*, formado por Marilar Aleixandre, Xosé María Dobarro, Antón Riveiro, Henrique Rabañal e Xabier P. Docampo, suliñou a prosa vívida e rica da novela, o seu vigor lingüístico, unha das obsesións de Alcalá: "fui unha das pesudas máis complicadas dentro do labor de documentación, porque non podía aparecer nengunha palabra que non se usase nesa época, e ademais tiña que adaptarme a cada unha das voces da novela".

Xavier Alcalá, que xa gañara o Premio da Crítica Española, o Pedrón de Ouro e o desaparecido certame *Cidade da Coruña*, admite que os premios son un bon exercicio para exaltar o vaidade. "os escritores somos como cativos, necesitamos chamar a atención, non tanto sobre nós como sobre a nosa obra". Cre que o *Blanco Amor* está a consolidarse como o certame literario máis importante do país, "que nos dous últimos anos o recibíramos dous autores coñecidos, como Suso de Toro e mais eu é significativo". O certame é o mellor dotado

dos que só admiten obras en galego -Alcalá recibirá dous millóns libres de impostos- e permite que o autor dispoña libremente dos dereitos da obra. Ademais, tenta remediar o tan citado déficit de novelas longas na nosa literatura. Alcalá suliña que "agora hai moitos libros *light* pero non un corpus de novela longa, sen ela non hai literatura".


Tampouco a hai sen unha lingua literaria e, nese labor, Alcalá lembra o traballo de Blanco Amor "que foi o primeiro en desvulgarizar a lingua, que é o barro necesario para construír unha literatura nacional, e fixoo criando unha *koine* a partir do galego dialectal e coloquial que lles escoitou aos emigrantes e co exemplo dos autores brasileiros".

A convocatória máis concorrida na historia do premio

Esta decimosétima edición do premio de novela longa *Eduardo Blanco Amor* foi organizado polo concello coraño de Culleredo, que tratou de darlle ao certame unha difusión maior á das anteriores convocatorias e conseguiu que se presentasen 33 orixinais, un 80% máis que o ano pasado. O fallo do certame foi anunciando o Mércores, 29 de Setembro e o premio será entregado durante unha cea o vindeiro 18 de Decembro. Os organizadores aproveitaron a ocasión para reeditar unha das novelas da esquecida obra do escritor ourensán en español, *Los miedos* e consolidase así o decano dos premios literarios en lingua galega, que estivera a piques de desaparecer no ano 1995 pola negativa do concello da Coruña a organizarlo. No pasado ano o gañador do certame, organizado daquela polo concello da Pobra do Caramiñal, fora o novelista compostelán Suso de Toro, con *Calzados Lola*, un proxecto de guión cinematográfico que narraba a procura de identidade dun mozo que regresaba a Muros, a súa vila natal, despois da morte da súa nai. Receberon o premio Blanco Amor en anteriores edicións Xavier Lorenzo, Miguel Suárez Abel, Alfredo Conde, Ramón Caride, Xosé Cid Cabido e Fran Alonso, entre outros. †

### infantil

Carlos G. Reigosa e Xelis de Toro:  
a mellor literatura para os lectores máis importantes.



gotelo blanco